

Rte. M. Rodríguez López  
Hortal, 54  
Barcelona(16)

Barcelona, 3.1.61

Sr. D. Ramón Otero Pedrayo  
Trasalba.

Moi apreciado D. Ramón:

Istes días dei remate a sua obra "O Señorito da Reboraina", que me agradou moito - mais do que puden imaxinar de-nantes de ler o libro - e doulle as mais querendosas graciñas pol-a xoia que regalou a nosa fala coa novela tan ben posta en galego.  
¡Qué imaxinación tan ricaz! ¡Qué retrato tan ben feito do fidalgo galego do XIX! ¡Vaya co señorito! . Ia non pode ser mais ben re-presentado e ué muller tan sofrida, garimosa e veladora dos bens a sua dona!.

Cando chega o solpor da vida do señorito o fracaso acaba con il-a calavera no leito-. Unha maxistral leución.

Recórdame moito o D. Manoeliño o Marqués de Brandomín nos seus amorios e nos primeiros capítulos vin nil o D. Quijote das loitas sociales.

D. Ramón - Aproveito pra lle decir se recibiu a miña obra de teatro que lle mandei no vrou. O mais seguro e que non merece nin siquiera a sua opinión, pro arreglandoa, traballandoa un moito ¿non chegaría a ter un migaxo de valor? ¿Vale a pena que non perda mais tempo ou sigo co meu empeño?

Reciba a miña felicitación mais cordial e un saudo afectuoso co desexo que teña un aninovo cheo de eisitos personales e literarios.

Seu

Manuel Rodríguez